Acer platanoides L., 1753

- pradairo real, p. noruegués
- arce, a. real, a. aplatanado, acirón
- astigar zorrotz
- erable, plàtan fals
- norway maple
- bordo da Noruega



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Sapindales**	**Aceraceae**	***Acer***

ORIXE

Europa central e oriental.

CARACTERÍSTICAS

Árbore caducifolia de gran porte xa que pode alcanzar os 20-25 m de altura. Ten unha copa redondeada e densa, e unha codia lisa e agrisada que rompe coa idade. Follas grandes (10-25 cm), palmeadas con 5-7 lóbulos dentados, de cor verde brillante, volvéndose louras ou alaranxadas no outono. Pecíolo con seiva leitosa. Flores amarelo-verdosas en corimbos terminais que aparecen antes ou ao mesmo tempo cás follas na primavera. Os froitos son sámaras de 4-7 cm, con ás moi diverxentes.

HÁBITAT

Bosques temperados e caducifolios, medrando en solos frescos, profundos e fértiles, con boa humidade. É moi adaptable a medios urbanos pola súa resistencia á contaminación e ao frío.

DISTRIBUCIÓN

Europa central e do leste, o Cáucaso e Asia occidental.

CURIOSIDADES

Na súa área de distribución nativa pode vivir ata 250 anos en condicións óptimas, aínda que a súa esperanza de vida é a miúdo menor noutras rexións.